

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 17 DE XUÑO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual derivado da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia (prioritariamente nos concellos sen entidade financeira no seu territorio) e se procede a súa convocatoria para as anualidades 2021 a 2025 por un importe total de dous millóns oitocentos oitenta e tres mil seiscentos euros (2.883.600 €)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) para a subscripción do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para a xestión das plantas de transferencia de residuos sólidos urbanos da provincia de Ourense por un importe dun millón cinco mil corenta euros con noventa e seis céntimos (1.005.040,96 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Catoira para reducir o risco de inundación na ARPSI dos ríos Ulla e Sar, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (Feder) nun 80%, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe de trescentos mil euros (300.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra denominada "Fase 1 da Reprogramación funcional do Plan Director do Complexo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO)", cun valor estimado de corenta e tres millóns catrocentos sesenta e un mil catrocentos dezanove euros con cincuenta céntimos (43.461.419,50 €) e un orzamento base de licitación de cincuenta e dous millóns cincocentos oitenta e oito mil trescentos dezasete euros con sesenta céntimos (52.588.317,60 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos anticipados do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Rogelio Groba para, a través da Orquestra de Cámara Galega, S.L., a realización de concertos de cámara, a edición dun disco especial dedicado á música galega con varios autores e a edición dun disco especial dedicado á traxectoria ao longo dos 26 anos na escena musical da Orquestra de Cámara Galega, por un importe total de cen mil euros (100.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña (UDC) para a adopción de medidas de dixitalización e innovación do Sistema universitario de Galicia, por un importe total de dous millóns oitocentos mil euros (2.800.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Bande para a rehabilitación da Reitoral de Santa Comba de Bande por un importe total de catrocentos vinte e dous mil oitocentos vinte e cinco euros con vinte e catro céntimos (422.825,24€).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para profesionais autónomos e empresas que sufran perdas de ingresos derivados da crise provocada pola Covid-19 para desenvolver espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 21-22, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Consorcio para a Promoción da Música, entidade xestora da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) para a realización dun proxecto composto por varias actividades Xacobeo 2021-2022, por un importe total de oitocentos mil euros (800.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que deriva da Orde de convocatoria de dez bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2021, 2022 e 2023, por un importe total de douscentos sesenta e un mil trescentos sesenta euros (261.360,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 5.113,54 m², feita a título gratuito polo Concello de Abegondo a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun Centro de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha modificación e prórroga do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Cruz Vermella Española en Galicia, para a execución dun programa extraordinario de axuda para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19. Importe: cinco millóns de euros (5.000.000,00€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre a convocatoria de axudas para os establecementos de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia afectados pola paralización da súa explotación económica como consecuencia das medidas adoptadas para a prevención e contención da evolución do brote de COVID-19.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre os acordos para desenvolver proxectos de enerxía renovables nos edificios da Xunta de Galicia.
- Informe sobre as axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación provocada pola covid-19 (programa Cheques Dixitalización).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe acerca das actuacións da Xunta de Galicia para a mellora da seguridade viaria dos Camiños de Santiago.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

- Informe polo que se dá conta da declaración de emerxencia, do 24 de maio de 2021, para a contratación da "Oitava subministración de diverso material para facer fronte á COVID-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras", por importe dun millón trescentos corenta e seis mil cincocentos trinta e sete euros con noventa e sete céntimos (1.346.537,97 €) IVE incluído.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da adquisición de bens, contratación de servizos para facer fronte á pandemia do COVID-19, na Área Sanitaria de Ferrol, por importe oitocentos vinte e seis mil seiscentos oitenta e tres euros con dez céntimos (826.683,10 €) na Área Sanitaria de Ferrol.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da 12ª adquisición de bens e contratación de servizos para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe de trescentos vinte e oito mil cincocentos noventa e tres euros con noventa céntimos (328.593,90 €) na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da adquisición de material de laboratorio, de limpeza e aseo, vestiario, produtos farmacéuticos e outros, así como gastos de desprazamento de persoal, derivados da situación de emerxencia ocasionada pola pandemia da COVID-19, por importe de un millón oitocentos oitenta e oito mil setecentos vinte e dous euros con sesenta e sete céntimos (1.888.722,67 €, IVE engadido) na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, durante o mes de maio do presente ano.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a elaboración e implantación dun censo de residentes nas residencias de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o sometemento á consulta pública previa da elaboración do anteproxecto de Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as axudas implementadas pola Consellería do Mar para paliar os efectos da pandemia e particularmente as dirixidas a acuicultores e empresas de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura para compensar as

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

perdas de produción entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2020 e que se convocan para 2021.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

34 CONCELLOS ASINARON XA OS CONVENIOS DE COLABORACIÓN COA XUNTA PARA DISPOÑER DE CAIXEIRO AUTOMÁTICO E SERVIZOS DE ATENCIÓN FINANCEIRA AO CIDADÁN

- Preto de 48.000 galegas e galegos beneficiaranse destes servizos
- O obxectivo do Goberno galego é evitar a exclusión financeira e promover que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos servizos financeiros
- O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases que rexen as convocatorias das subvencións destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios

Un total de 34 concellos asinaron xa os convenios de colaboración coa Xunta de Galicia para dispoñer de caixeiro automático e de servizos de atención financeira ao cidadán dos que se beneficiarán preto de 48.000 galegas e galegos que viven nestes municipios.

Os habitantes destes concellos dispoñerán dun caixeiro automático e poderán efectuar xestións ordinarias como a retirada e ingreso de cartos en metálico, a actualización das libretas bancarias ou o pagamento de recibos sen ter que desprazarse a outros municipios.

As entidades locais que xa asinaron os correspondentes convenios son: Aranga, Vilasantar, Lousame, Cabanas, Dumbría, Santiso, Coirós, Dodro, Paderne , Toques e Vilarmaior na provincia da Coruña; Ribeira de Piquín, Samos e O Páramo na de Lugo; Larouco, Arnoia, Petín, Lobeira, Os Blancos, Oímbra, Vilar de Santos, Carballeda de Avia, Xunqueira de Ambía, Chandrexa de Queixa, Xunqueira de Espadanedo, Piñor, Porqueira, A Teixeira, Melón, Cenlle, Rairiz de Veiga, A Peroxa, Tabodela e Pontedeva na provincia de Ourense.

O financiamento corre a cargo da Xunta polo que os concellos acollidos a esta medida non terán que facer ningunha achega económica e só deberán ceder e acondicionar os espazos necesarios para a instalación dos caixeiros e a prestación dos servizos de asesoramento financeiro e formación.

Bases da convocatoria

A Xunta e a Fegamp asinaron a finais do ano pasado un protocolo de colaboración coa finalidade de adoptar medidas para universalizar o acceso aos servizos financeiros nas entidades locais galegas.

Segundo os datos do Banco de España, no 2020, 45 concellos galegos -o 14% do total- carecían dunha entidade de crédito, por iso o obxectivo da Xunta é evitar a exclusión financeira e promover que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos servizos financeiros. Aínda que a medida está dirixida de xeito prioritario a estes concellos, tamén poden acollerse aqueles municipios que teñan algunha dificultade para accederen a servizos financeiros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

A iniciativa consiste na instalación de caixeiros automáticos nas dependencias municipais; a prestación dun servizo de asistencia financeira que permita, de xeito semellante a unha oficina bancaria convencional, solucionar de xeito presencial as dúbidas dos clientes; e a oferta de formación financeira e banca electrónica para adquirir nocións básicas e aprender a utilizar os servizos bancarios a través das novas tecnoloxías.

Neste marco, o Consello da Xunta aprobou hoxe as bases que rexerán as subvencións destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios no ámbito rural para catro anualidades. O importe para o período 2021-2025 ascende a 2,8 millóns de euros.

Estas medidas de universalización vanse desenvolver a través da concesión dun incentivo a unha entidade financeira -que se elixirá mediante convocatoria pública- para que preste os servizos bancarios básicos naqueles concellos galegos do ámbito rural que se adhiran voluntariamente ao protocolo asinado entre o Goberno galego e a Fegamp e asinar os correspondentes convenios de colaboración coa Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SOGAMA E A DEPUTACIÓN DE OURENSE RENOVAN O CONVENIO PARA A XESTIÓN DAS 11 MICROPLANTAS DE RESIDUOS DA PROVINCIA POR 1 M€

- Estará en vigor os vindeiros catro anos e regulará o transvasamento de case 47.000 toneladas anuais procedentes destas instalacións, que atenden 76 concellos
- Ambas as entidades apostan polo obxectivo de garantir unha xestión sustentable, coa máxima eficiencia e o menor custo económico posible, grazas a esta colaboración
- Alén do convenio, cómpre lembrar que a Xunta, a través de Sogama, porá en marcha unha planta de biorresiduos en Verín e habilitará dúas plantas de transferencia en Ourense e na Rúa

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a renovación do convenio de colaboración entre a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) e a Deputación de Ourense, co fin de que as 11 microplantas para a transferencia de residuos urbanos que operan na actualidade na provincia continúen a ser xestionadas de forma sustentable, é dicir, coa máxima eficiencia e o menor custo económico.

O convenio, cunha vixencia de catro anos desde o vindeiro 1 de xullo, prevé un orzamento de 1 millón de euros, cos que se estima que se xestionarán preto de 47.000 toneladas anuais de lixo. A Deputación, propietaria das instalacións, achegará o persoal, mentres que Sogama se encargará do transporte dos residuos transferidos nelas ata o Complexo ambiental de Cerceda, para o seu tratamento.

Así, colaborarase no servizo que ofrecen as microplantas do Carballiño, O Ribeiro, Terra de Celanova, A Limia, Monterrei, Santa Águeda, Ourense, Navea-Bibei, Baixa Limia, Conxo-As Frieiras e Viana do Bolo, que garanten o servizo a 76 concellos da provincia e unha poboación estimada de 180.000 veciños.

Este novo convenio recolle as experiencias positivas e melloras incluídas nos anteriores –entre 2010 e 2021– e perfila con maior concreción as competencias que cada parte pode asumir para prestar conxuntamente un mellor servizo público na xestión dos residuos, cualificado como esencial, prestando especial atención a aquelas localidades con máis limitacións xeográficas, orográficas e poboacionais.

Compostaxe doméstica

De forma paralela, Sogama e a Deputación tamén veñen colaborando na implantación da compostaxe doméstica nos concellos da provincia con menos de 20.000 habitantes – todos menos a capital–. A pretensión é que a veciñanza autoxestione a materia orgánica nas propias vivendas converténdoa en adubo natural de calidade que regrese á terra en forma de fertilizante, evitando deste xeito que acabe depositada no contedor verde convencional, cos conseguintes custos de transporte e tratamento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

No marco deste programa, ao que están adscritos 81 concellos, repartíronse 1.125 composteiros entre outras tantas vivendas e desenvolveuse, igualmente, a correspondente campaña formativa e de concienciación.

Planta de biorresiduos en Verín

Alén do convenio, cómpre lembrar que a Xunta de Galicia, a través de Sogama, porá en marcha unha planta de biorresiduos en Verín, concretamente no polígono industrial de Pazos, que dará servizo directo a 22 concellos.

Esta instalación estará apoiada por dúas plantas de transferencia —Ourense e A Rúa—, nas que se habilitará unha moega específica para transvasar a contedores de gran capacidade a materia orgánica recollida selectivamente a través do quinto contedor, de cor marrón, que se implantará nas rúas e se transportará á planta de biorresiduos. A planta de transferencia de Ourense poderá dar servizo a 52 concellos e a da Rúa, a 18.

Deste xeito, garántese que 92 concellos da provincia de Ourense dispoñan dunha planta de biorresiduos, ou dunha planta de transferencia, a menos de 50 km de distancia. Quedarían a unha distancia maior só tres municipios de pequeno tamaño, nos que a valorización da materia orgánica se podería levar a cabo a través da compostaxe doméstica e/ou comunitaria.

Esta rede formará parte dunha máis ampla xa deseñada para atender as necesidades do conxunto de Galicia e que estará conformada por outras tres plantas públicas de biorresiduos —a de Cerceda, xa en operación; e as proxectadas en Cervo e Vilanova de Arousa—, ademais da de Verín. As catro instalacións estarán apoiadas por un total de 13 plantas de transferencia.

Ben que a xestión dos residuos urbanos é unha competencia municipal, este amplo mapa de infraestruturas, no que se investirán 35 millóns de euros, créase precisamente para axudar aos concellos a dar debido cumprimento á súas obrigas legais: implantar a recollida selectiva da materia orgánica, o máis tardar, o 31 de decembro de 2023. A rede complementarase con outras plantas de compostaxe industrial, tanto públicas como privadas, actuais e futuras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 300.000 EUROS PARA MINIMIZAR O RISCO DE INUNDACIÓNS NOS RÍOS ULLA E SAR AO SEU PASO POR CATOIRA

- Desenvolverase o proxecto construtivo para a mellora do espazo fluvial do rego de Gondomil, no cruzamento coa estrada provincial EP-8702, co obxectivo de executar a obra identificada como prioritaria nesta área de risco potencial significativo de asolagamento
- O Goberno galego asinará un convenio co Concello co compromiso de asumir integramente o financiamento da contratación da redacción e aprobación do proxecto e de levar a cabo as actuacións que permitan a licitación, contratación e execución das obras
- A Administración local comprométese á aprobación do proxecto, a pór á disposición os terreos necesarios, a tramitar as autorizacións e a asumir, posteriormente, as actuacións realizadas
- O Goberno autonómico mantén a colaboración entre as administracións para estar mellor preparados fronte ao risco de inundacións e acadar unha recuperación máis rápida e mellor fronte ás súas posibles consecuencias

A Xunta colaborará co Concello de Catoira para minimizar o risco de inundacións nos ríos Ulla e Sar, ao seu paso polo municipio pontevedrés, cun investimento autonómico de 300.000 €.

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Catoira para desenvolver o proxecto construtivo para a mellora do espazo fluvial do rego de Gondomil, no cruzamento coa estrada provincial EP-8702, co obxectivo de executar esta obra identificada como prioritaria no Plan específico para a xestión do risco de inundación na área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) nestes ríos.

Segundo o convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, a entidade hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento da contratación da redacción e aprobación do proxecto. As actuacións están cofinanciadas con fondos Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

Augas de Galicia tamén levará a cabo as actuacións que permitan a licitación, a contratación e a execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, o Concello de Catoira, logo da aprobación do proxecto construtivo, asume a posta á disposición dos terreos necesarios para posibilitar as obras e a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución. Tamén asume a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

obriga de recibir as obras que pola súa natureza sexan susceptibles de tal recepción, a asumir o seu mantemento e conservación, coa utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

Plan de xestión específico da área de risco potencial significativo de inundación

Augas de Galicia redacta e revisa cada seis anos a avaliación preliminar do risco de inundacións da demarcación hidrográfica Galicia-Costa. Desde o 1 de maio ata o vindeiro 30 de xullo está aberto á participación pública o novo Plan de xestión de risco de inundacións 2021-2027, que se espera aprobar a finais de ano.

Nestas áreas con maior risco, recóllese a necesidade de redactar un Plan específico de xestión do risco de inundación, no que se traballa a nivel de detalle na propia área para tratar de minimizar os riscos concretos. Deste xeito, trátase de incrementar a calidade ambiental das contornas fluviais e de recuperar a condición dos ríos como hábitats naturais, abordando todas as tipoloxías de medidas que adoptará cada unha das autoridades competentes.

No plan de xestión específico realizado nas áreas dos ríos Ulla e Sar, Augas de Galicia estableceu varias opcións para realizar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado a posibles asolagamentos e considerouse a máis prioritaria no concello de Catoira a mellora deste espazo fluvial do rego de Gondomil, obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico.

En conxunto, Augas de Galicia está a desenvolver os plans específicos de xestión en nove zonas fluviais con maior risco de inundacións. Trátase das contornas do río Umia, en Caldas de Reis e Portas; Ulla-Sar, en Padrón, Dodro, Rianxo, Rois, Catoira, Pontecesures e Valga; o Anllóns, en Carballo; Campeda, en Vimianzo; Fontecova e Trasposta, en Viveiro; Baíña e o Groba, en Baiona; así como no Lagares, en Vigo.

O Goberno galego mantén a aposta pola colaboración entre as administracións e axentes implicados para estar mellor preparados fronte ao risco de inundacións e acadar unha recuperación máis rápida e mellor fronte ás súas posibles consecuencias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 52,6 M€

- A Xunta prevé licitar nos vindeiros días o contrato das obras, que comezarán a finais deste ano
- O proxecto consta de tres intervencións: a construción dun novo edificio de hospitalización no Complexo Hospitalario, a reforma do Hospital Materno Infantil e a mellora de accesos
- O novo edificio de hospitalización contará con 12 plantas e disporase entre o oeste do antigo edificio Materno Infantil e o Hospital Cristal
- A reforma do Hospital Materno Infantil acadará unha área pediátrica con 38 camas; outra de neonatoloxía, con UCI pediátrica; e outras de urxencias pediátricas e obstétricas
- Este proxecto tamén posibilitará a disposición dunha área de radioloxía, dun servizo de diálise e áreas de hospitalización obstétrica, con 56 camas, e hospitalización convencional, con 280 camas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, cun investimento de preto de 52,6 millóns de euros.

A Xunta prevé licitar nos vindeiros días o contrato para a execución das obras, que comezarán a finais deste mesmo ano e terán un prazo de execución de 40 meses. Estas actuacións estarán cofinanciadas con fondos europeos Feder.

O proxecto consta de tres intervencións: a construción dun novo edificio de hospitalización no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a reforma do actual Hospital Materno Infantil e a mellora de accesos.

En relación co novo edificio de hospitalización e ambulatorio terá unha imaxe coherente co edificio construído en 2017, constando de 12 plantas e dispoñéndose entre o oeste do antigo edificio Materno Infantil e o Hospital Cristal.

Estas instalacións, desde o andar -2 ata o segundo, destinaranse a usos fundamentalmente ambulatorios e desde a terceira ata a novena, dirixiranse a hospitalización.

Para a construción deste edificio será necesario realizar unha serie de obras previas, así como habilitar novos núcleos de comunicación. Así, modificarase a rasante da vía

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

interior do CHUO e demoleranse elementos obsoletos como pasarelas, escaleiras ou unha franxa de 4 metros do andar cero do Hospital Cristal na súa fachada posterior.

Como reforzo aos núcleos de comunicación vertical, executarase un novo núcleo vertical no nexo de unión do antigo edificio de hospitalización e o central. Tamén se acometerá a remodelación interna no edificio de hospitalización existente para adaptar o núcleo de escaleiras actual. Ademais, desenvolverase a comunicación de urxencias co novo edificio en andar cero.

No que se refire á reforma do Hospital Materno Infantil, será unha actuación integral que permitirá a súa posta en valor e na cal se conservará tan só a súa estrutura.

No soto -2 do novo edificio situaranse os vestiarios; no -1, a área de radioloxía; e no andar baixo situaranse as urxencias pediátricas e obstétricas no edificio materno, mentres que se sitúa un segundo nivel de radioloxía no novo edificio.

No primeiro andar estarán as área de obstetricia, xinecoloxía, tanto cirúrxica como ambulatoria, e o paridoiro; no segundo, a UCI pediátrica no materno, e as consultas de pediatria no novo edificio. O nivel 3 destinarase totalmente a hospitalización pediátrica, separando os nenos menores de dous anos no antigo materno e os maiores no novo edificio.

O nivel 4 estará dirixido á hospitalización obstétrica nas dúas ás, e os niveis do 5 ao 9 á hospitalización convencional. O nivel 10 empregarase para diversas instalacións.

Novos servizos

Estas actuacións permitirán dotar dunha área pediátrica con 38 camas, incluíndo 14 habitacións individuais para menores de dous anos (lactantes), con berce e cama para acompañante. Haberá dous vestiarios con duchas para os pais, comedor, sala de estar con xogos, Cyberaula con postos informáticos e salas de televisión e lectura.


As instalacións tamén albergarán área de neonatoloxía, con UCI pediátrica; zona de urxencias pediátricas e urxencias obstétricas, con salas de espera, consultas, 5 unidades para partos e 2 quirófanos.

Estas obras permitirán tamén acadar unha área de radioloxía con 3 salas de TAC, 4 de ecografía, 3 de radioloxía xeral dixital, 3 salas de mama e 2 de radioloxía xeral, sumadas ás 2 resonancias magnéticas existentes no edificio Cristal.

Ademais, as intervencións proxectadas posibilitarán a hospitalización obstétrica, con 56 camas; e a convencional, con 280 camas.

Imaxe do novo edificio e do hospital materno reformado, tras a actuación, no conxunto do CHUO:


COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



En vermello, o Materno Infantil (reformado) e en amarelo, o novo edificio:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A MÚSICA CLÁSICA NA PROGRAMACIÓN DO XACOBEO 21-22 CON CONCERTOS, XIRAS E IMPULSO Á COMPOSICIÓN

- O Consello da Xunta autoriza dous convenios coa Orquestra Sinfónica de Galicia e a Orquestra de Cámara Galega, que se enmarcan nun proxecto máis amplo con axudas a máis entidades
- Cun investimento conxunto inicial próximo a 1M€, preténdese ampliar o seu público potencial con iniciativas que inclúan recitais con artistas rock e pop ou máis presenza dixital, entre outras

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe dous convenios de colaboración coa Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) e a Orquestra de Cámara Galega, cun investimento conxunto próximo ao millón de euros, para reforzar a presenza da música clásica na programación do Xacobeo 21-22. Cun investimento conxunto inicial próximo ao 1M€, enmárcase nun proxecto máis amplo co que se apoiarán outras orquestras e entidades galegas.

Ao abeiro desta colaboración, o Goberno autonómico pretende aumentar o público potencial deste xénero musical ao tempo que se impulsa os profesionais deste campo. Así, entre as iniciativas que se apoiarán, inclúense concertos en distintos lugares de interese patrimonial, colaboracións musicais con algúns dos barítonos da maior relevancia internacional, así como proxectos extraordinarios con artistas de música pop e rock ou doutros xéneros musicais en recintos ao aire libre coa intención de ampliar o público obxectivo deste xénero.

En concreto, apoiaranse accións especiais da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) co Centro Nacional de Difusión Musical, así como a súa presenza en ciclos e festivais a nivel nacional. Facilitarase a creación e composición por parte de novos valores aos que se lles realizarán encargos que serán estreados polas orquestras e as súas agrupacións de música de cámara en distintos auditorios e recintos de Galicia. Tamén se fomentará a difusión dixital das actividades das orquestras de cámara ou os concertos das xiras.

No que se refire á Orquestra de Cámara Galega, buscarase poñer en valor o talento dos músicos e compositores galegos, con concertos en 10 localidades galegas e a edición de dous discos especiais. Neste caso colabórase coa Fundación Rogelio Groba na realización de concertos de cámara nos que será incluída música de compositores galegos, facendo especial incidencia na obra do mestre Rogelio Groba e se incluírán accións especiais que poñan en valor os 26 anos na escena musical da Orquestra de Cámara Galega.

En ambos os casos trátase dunha achega extraordinaria que se enmarca no apoio da Xunta de Galicia a ambas as orquestras sinfónicas que reciben achegas anuais por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. No caso da Orquestra Sinfónica de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Galicia, con este apoio, a achega global este 2021 é de 3,5M€, a maior contribución que a Xunta de Galicia fixo nunca a esta entidade.

A Xunta de Galicia continúa así promovendo o diálogo cultural a través da música sinfónica e o Camiño de Santiago ao implicar toda a poboación galega e foránea na celebración do Ano Santo. Fomentaranse os valores da Ruta Xacobeá a través da música e da posta en valor do patrimonio e consolidarase a excelencia artística das distintas agrupacións de música clásica galegas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INJECTA 10M€ NAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS PARA QUE REFORCEN OS SEUS PROCESOS DE DIXITALIZACIÓN E INNOVACIÓN NA NOVA ERA POSCOVID

- O Consello da Xunta vén de autorizar un convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña para este fin, e nas vindeiras semanas darase luz verde aos acordos coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo
- O reforzo orzamentario irá destinado á mellora da contorna dixital para a docencia e a xestión académica e a dotación e renovación de instalacións e sistemas informáticos
- O obxectivo é consolidar os cambios de transformación dixital que se iniciaron no presente curso para asegurar a calidade da docencia e o cumprimento dos protocolos

A Xunta de Galicia vai inxectar unha contía de 10M€ nas tres universidades galegas para que reforcen os seus proxectos de dixitalización e innovación e, deste xeito, continuar coa adaptación ás novas circunstancias e escenarios xurdidos a raíz da pandemia. Esta nova partida vaise executar a través de convenios de colaboración específicos entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e cada unha das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao primeiro destes convenios, entre o departamento de Educación do Goberno galego e a Universidade da Coruña (UDC), por un importe de 2,8M, e nas próximas semanas autorizaranse acordos similares coas outras dúas universidades públicas de Galicia: a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo).

Con cargo á partida autorizada hoxe, a UDC poderá implantar medidas específicas en materia de dixitalización, de innovación ou renovación tecnolóxica e de infraestruturas.

Así pois, as accións englobadas no ámbito da innovación ou renovación tecnolóxica inclúen iniciativas concretas para a renovación tecnolóxica (licenzas, ciberseguridade,...), a formación en competencias dixitais e o impulso da administración electrónica.

No ámbito da dixitalización, a Universidade poderá implantar melloras na contorna dixital para a docencia e a dixitalización da xestión académica. Trátase de mellorar a potencia dos sistemas de videoconferencia, as prestacións do traballo colaborativo e asegurar a conectividade de todos os usuarios. Tamén se inclúe o mantemento dos equipos informáticos, equipos e software.

En canto ás infraestruturas, búscase aplicar unha serie de melloras como potenciar a ventilación, acondicionamento ou reformas de espazos, accesibilidade, seguridade,

saúde e prevención de riscos. Así mesmo, a UDC poderá implantar tamén iniciativas que busquen a mellora da eficiencia enerxética a través de reformas parciais ou integrais de edificios como centros de ensino ou de investigación.

Consolidación dos cambios dixitais

Esta nova partida orzamentaria enmárcase dentro das accións levadas a cabo polo Goberno da Xunta para garantir o desenvolvemento da actividade académica do Sistema Universitario Galego coa máxima eficiencia e rigor.

Cómpre lembrar que a inicios do actual curso universitario -en outubro pasado concretamente- a Xunta de Galicia inxectou 3M€ no sistema universitario co fin de reforzar ás institucións universitarias para afrontar os gastos imprevistos orixinados pola pandemia e asegurar a calidade da docencia non presencial así como as medidas de adaptación covid esixidas.

Agora, con esta contía de 10M€ búscase avanzar na transformación dixital e na innovación destas institucións, de xeito que se consoliden e melloren os cambios realizados ata o momento e que se viron acelerados pola situación de pandemia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REHABILITARÁ A REITORAL DE SANTA COMBA DE BANDE COMO MOTOR DE TURISMO SUSTENTABLE NO TERRITORIO

- As actuacións necesarias para a recuperación da reitoral, en desuso desde hai décadas, permitirá conferir ao edificio novos usos orientados ao turismo cultural, ademais de promover a recuperación do conxunto arquitectónico
- O Goberno galego asume a práctica totalidade do orzamento preciso, 400.000 euros, a través da Consellería de Cultura e a Vicepresidencia primeira

O Consello da Xunta deu conta do proxecto de acordo entre a Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia Turismo de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Bande, en Ourense, para a rehabilitación da Reitoral de Bande. Cun orzamento total de 422.825,24 euros repartido en dúas anualidades, a reforma integral deste edificio permitirá non só por en valor o edificio senón apostar por converter o edificio nun polo de atracción e dinamización turística para o territorio.

O proxecto de acordo entre as tres partes supón o compromiso por parte da Consellería de Cultura para achegar ao proxecto un importe total de 250.000 euros distribuído en dúas anualidades – 100.000 euros neste ano e 150.000 en 2022 – mentres que Turismo de Galicia asumiría 150.000 euros, repartidos en dúas anualidades por valor de 75.000 euros. O restante, algo máis de 20.000 euros, sería asumido polo Concello de Bande.

Cómpre destacar que o edificio obxecto das actuacións está actualmente nunha situación de abandono, despois de décadas de desuso, o que fai precisa unha profunda actuación para a posta en valor non só do edificio senón do conxunto que conforma coa igrexa de Santa Comba, declarada BIC e o primeiro edificio da provincia de Ourense declarado monumento nacional no ano 1921.

Conservación e novos usos

Así, as actuacións que se acometerán ao abeiro deste convenio estarán destinadas, por un lado, á conservación funcional do edificio, mellorando as súas instalacións segundo principios de accesibilidade e sustentabilidade, ademais de acometer actuacións na contorna e no linde do edificio. Por outra banda promoverase unha rehabilitación funcional que permita que o concello de Bande conte cunhas instalacións para diferentes usos compatibles cos seus valores culturais, orientados a converter a reitoral nun polo de atracción turística que promova o coñecemento do patrimonio artístico e cultural de Bande, o incremento do fluxo de visitantes e a posta en valor dos recursos a través dun turismo cultural.

O obxectivo final que se persegue con este proxecto é promover unha actuación de conservación e posta en valor do patrimonio ao tempo que se pon en marcha unha infraestrutura turística que permitirá que o municipio avance na consecución dun turismo sustentable, planificado, integrador, respectuoso e cun elemento exponencial

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

de desenvolvemento como é esta reitoral, que poderá acoller actuacións expositivas que transmitan a importancia histórica, cultural e arquitectónica tanto da igrexa visigótica de Santa Comba como da súa contorna.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ UNHA VINTENA DE CONCERTOS POR TODA GALICIA NO MARCO DO XACOBEO 21-22

- O Consello da Xunta autoriza unha nova liña de subvencións dotada cun millón de euros para desenvolver espectáculos en municipios de máis de 15.000 habitantes ou de interese turístico
- A medida forma parte da colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo de Galicia para reactivar a programación cultural deste Ano Santo

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a unha nova liña de subvencións que destinará un millón de euros para impulsar unha vintena de concertos en cidades e vilas galegas no marco do Xacobeo 21-22. Trátase dunha orde de axudas que favorecerá o desenvolvemento de espectáculos musicais con público por parte de profesionais autónomos a empresas que sufran perdas de ingresos derivados da crise provocada pola covid-19.

A previsión é que con esta nova liña de subvencións se impulsen máis de 20 proxectos de música por toda Galicia ata o 10 de decembro de 2021, que serán incluídos na programación do Xacobeo e se levarán a cabo de xeito xeograficamente descentralizado. Trátase de concertos que implicarán pagamento de entrada por parte do público, se levarán a cabo en concellos de máis de 15.000 habitantes ou en municipios de interese turístico (exceptuando desta categoría Santiago de Compostela entre o 1 de xullo e o 15 de agosto para, precisamente, non coincidir coa xa intensa actividade da capital de Galicia nesas datas).

Así mesmo, terán que ser organizados polos profesionais ou empresas promotoras que operan no sector musical galego que tivesen unha caída de facturación maior ao 30% entre 2019 e 2020. O importe máximo que poderá percibir cada beneficiario será de 60.000 euros. Así, na reunión do Consello autorizouse a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe de ata o 90% das axudas concedidas por esta convocatoria, así como de eximir as persoas beneficiarias da obriga de constituír garantías. Estas dúas medidas van destinadas a facilitar a execución dos proxectos por parte dos adxudicatarios.

Estes concertos estarán impulsados a través dunha nova liña de subvencións enmarcada no Plan de reactivación cultural posto en marcha pola Xunta e forma parte da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Turismo de Galicia para reactivar a programación cultural deste Ano Santo. Así, ao abeiro deste acordo, estase a poñer en marcha unha programación variada, distribuída por todo o territorio e destinada a todo tipo de público que sumará unha vintena de proxectos de música, danza, artes escénicas, audiovisual ou exposicións, festivais de música clásica ou verbenas, entre outros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

O obxectivo desta programación é reforzar o papel do Ano Santo como dinamizador, tanto da actividade como do consumo cultural, impulsando o crecemento das industrias culturais e colocando a imaxe de Galicia como referente neste eido, amosando a diversidade e calidade dos nosos artistas e creadores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA ONCE NOVAS BOLSAS DE FORMACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- Cun investimento de máis de 260.000€, foméntase a capacitación dos beneficiarios promovendo o ensino e a investigación en lingua galega con esta formación de tres anos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria de 11 bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, unhas axudas formativas coas que o Goberno galego busca cada ano fomentar a capacitación dos titulados universitarios, promovendo ao mesmo tempo o ensino, a cultura e a investigación en lingua galega. A convocatoria contará cun importe de 261.360 € ata 2023.

Estas bolsas permitirán que os investigadores afonden en proxectos de investigación relacionados co legado científico do lingüista e epigrafista alemán Jürgen Untermann, o corpus de referencia do galego actual, a bibliografía informatizada da lingua galega, a terminoloxía científico-técnica, a recuperación de textos literarios e xornalísticos galegos ou a lírica profana galego-portuguesa, entre outras.

Poderán solicitar as axudas as persoas licenciadas ou graduadas universitarias nas titulacións esixidas no proxecto para o que presenten a súa solicitude, acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, non resultar beneficiarias dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos do Centro Ramón Piñeiro e posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6,5 puntos. A data estimada de comezo será o 1 de decembro de 2021 e rematarán, en calquera caso, o 30 de novembro de 2023. A data de incorporación ao centro establecerase na notificación da adxudicación da bolsa.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica da Xunta no prazo dun mes desde a publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e, unha vez rematado o prazo, serán avaliadas por unha comisión específica que terá en conta os méritos acreditados documentalmente por cada un dos solicitantes, tendo en conta especialmente a nota media do expediente académico, a súa formación complementaria, a presentación de comunicacións e congresos relacionados coa bolsa ou as publicacións relacionadas coa especialidade da investigación.

Máis de 500 investigadores en 26 anos

O Centro Ramón Piñeiro é un organismo dependente da Consellería de Cultura que se encarga de impulsar e difundir proxectos de investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica centrados en Galicia. Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a literatura medieval, a recuperación de publicacións literarias ou a identidade colectiva. Desde a súa fundación, hai 26 anos, pasaron máis de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

500 investigadores ou bolseiros que formaron parte dos diferentes proxectos de investigación impulsados desde o centro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ACEPTA A CESIÓN DO TERREO PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE ABEGONDO

- O novo centro disporá dunha segunda sala de consultas de enfermaría, separada da sala de mostras. Haberá, tamén, unha nova sala de educación maternal, unha nova sala de técnicas e unha nova sala polivalente, para poder realizar a cirurxía menor
- Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 86 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre 70.000 metros cadrados. A eles hai que engadir as sete obras que están en marcha. En total, a Administración autonómica investiu, nestes 12 anos, máis de 113 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2021.- O Consello da Xunta aceptou esta mañá a cesión dunha parecela, por parte do Concello de Abegondo, para a construción dun novo centro de Saúde na localidade. Trátase dun terreo de 5.114 metros cadrados, no que se edificará unha infraestrutura que substituirá o centro actual, que ten xa máis de 35 anos e no que se atenden preto de 5.000 pacientes.

O Servizo Galego de Saúde dispón dun plan funcional para este centro que permitirá resolver os problemas que ten o actual. Así, haberá unha segunda sala de consultas de enfermaría, separada da sala de mostras. Terá, tamén, unha nova sala de educación maternal, unha nova sala de técnicas e unha nova sala polivalente, para poder realizar a cirurxía menor. Xunto ao anterior, mellorarase a área de persoal, cunha sala de estar, vestiarios e un despacho de coordinación.

Renovación de infraestruturas de Atención primaria

Dende o ano 2009 a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 86 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre máis de 70.000 metros cadrados. A eles hai que engadir outras 7 obras que están xa en marcha. En total, nestes 12 anos, a Administración autonómica investiu máis de 113 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

Na provincia da Coruña, nos últimos anos puxéronse en marcha novos centros de saúde en Cambre, Malpica, Arteixo, Culleredo, A Capela, Ares, A Laracha, Galeras (en Santiago de Compostela) e importantes reformas en Serantes (en Ferrol), Oza-Cesuras, Padrón, Cabanas, Cee ou Coristanco.

Hai que sinalar, ademais, que os orzamentos para 2021, os primeiros desta lexislatura, recollen un incremento do 108% no capítulo de investimentos para Atención Primaria, que pasa de 26 millóns en 2020 a 55 millóns de euros neste ano 2021.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Só na provincia da Coruña, acaban de poñerse en marcha novos centros de saúde no Milladoiro-Ames e Melide e comezará a funcionar este ano o de Narón. Tamén vén de finalizar a reforma dos centros de saúde de Ortigueira e As Pontes, e estase a piques de rematar a de Mugardos. Así mesmo, iniciouse xa a reforma do centro de saúde de Bertamiráns e está prevista tamén a ampliación do centro de saúde de Conxo, (en Santiago de Compostela), co proxecto xa redactado, e asinouse co Concello de Bergondo unha reforma de máis de 300.000 euros para o seu centro de saúde.

Dende a Consellería de Sanidade vaise continuar con esta renovación integral da atención primaria con dúas iniciativas. Por unha banda, cun plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria no que se definirán as actuacións prioritarias para o Sergas. Pola outra, cunha reforma organizativa da atención primaria que aposte por un modelo máis resolutivo e máis multidisciplinar, para o que se está traballando no Consello Técnico de atención primaria con todos os colectivos, e para o que se creou unha Dirección Xeral de Reforma Sanitaria que dirixa o proceso

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRORROGA A VIXENCIA DA TARXETA BÁSICA ATA O FINAL DO 2021 E ELEVA A 31 MILLÓNS DE EUROS O TOTAL DOS FONDOS DESTINADOS A ESTA AXUDA

Destinaranse 5 millóns de euros adicionais para soste esta medida pioneira, posta en marcha en xullo de 2020 para axudar ás familias a facer fronte á crise económica derivada da pandemia, durante un semestre máis

O Consello da Xunta vén de dar luz verde a unha nova ampliación da vixencia da Tarxeta Básica ata finais de 2021 cun investimento adicional de cinco millóns de euros para o vindeiro semestre. Este incremento permite elevar a 31 millóns de euros o total dos fondos que a Xunta leva destinados a esta medida, pioneira en España e deseñada para axudar ás familias que se atopan en risco ou situación de exclusión social a facer fronte á crise económica derivada da pandemia.

Hai un ano que se puxo en marcha esta tarxeta moedeiro, que o Goberno galego prorrogará logo da súa boa acollida e cuxo importe depende do número de membros da unidade familiar. Así, nos fogares unipersoais a contía é de 150 euros ao mes; nos fogares con dous membros é de 200 euros mensuais; e nos de tres ou máis membros, de 300 euros.

Este servizo cumpre as condicións máis exixentes que marcan os expertos en inclusión social, xa que é urxente e practicamente inmediata, pois desde que se solicita ata que se obtén pasa un período máximo de 72 horas, e é xestionada directamente polos traballadores sociais municipais e Cruz Vermella. Entrégase a todas as persoas que se atopan en situación de necesidade mentres non poidan acceder á Renda de inclusión social de Galicia (Risga) ou ao Ingreso Mínimo Vital (IMV). A día de hoxe levamos máis de 34.000 tarxetas repartidas desde a súa posta en marcha.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 4M€ AOS LOCAIS DE LECER NOCTURNO AFECTADOS POLA PARALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DEBIDO Á COVID-19

- A convocatoria inclúe axudas entre 7.500 e 35.000 euros por solicitude segundo a superficie do local, con varios tramos entre os que teñen menos de 100 metros cadrados e os que superan os 1.000
- Esta liña súmase ao plan de recuperación aprobado en 2020 e dotado con 4,8M€ para sufragar o gasto de alugueiro destes establecementos e apoiar a celebración de concertos e o mantemento do emprego
- O investimento da Xunta dirixido a apoiar á reactivación do sector e paliar as perdas polo peche por mor das restricións sanitarias supera os 8,5M€ entre o plan do ano pasado e a actual convocatoria de axudas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe que dá conta da convocatoria de axudas directas para os establecementos de lecer nocturno da comunidade, á que o Goberno galego destinará 4 millóns de euros pola situación de peche destes establecementos debido á covid-19. Trátase dun dos sectores máis afectados pola paralización da actividade por mor do coronavirus, e leva pechado desde o pasado 15 de agosto debido á decisión acordada entre o Ministerio de Sanidade e as comunidades para frear a propagación do virus.

A nova liña de axudas prevé axudas entre 7.500 euros e un máximo de 35.000 euros segundo a superficie do local, con varios tramos desde unha superficie de menos de 100 metros cadrados a máis de 1.000. Ademais, o crédito máximo que se repartirá en cada tramo oscila entre 1 millón de euros para os establecementos de menos de 100 metros cadrados e 500.000 euros a distribuír entre os que superan os 1.000.

A convocatoria vai dirixida aos titulares destes establecementos que resultasen afectados pola paralización da actividade como consecuencia das restricións sanitarias. Trátase de discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga ás anteriores e aqueles que se poidan asimilar a calquera destas tipoloxías.

As axudas súmanse ao paquete de medidas aprobado en 2020 para paliar tamén os efectos do peche destes establecementos dotado con 4,8 millóns de euros para axudas directas e unha liña de préstamos. Este plan de recuperación contaba con axudas co obxectivo de sufragar os gastos de alugueiro dos locais de lecer nocturno, ademais de apoio para a celebración de concertos e para o mantemento do emprego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

En total, entre o anterior plan aprobado en 2020 e a actual convocatoria de axudas directas, o investimento da Xunta para apoiar ao sector na súa reactivación supera os 8,5 millóns de euros.

Por outra parte, o Goberno galego mantén o diálogo continuado co sector e, tras a proba piloto do lecer nocturno o pasado sábado en 6 establecementos -2 discotecas e 4 pubs- avaliará os resultados co obxectivo de garantir a saúde e seguridade de traballadores e clientes cara á súa reapertura prevista para o 1 de xullo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AFORRARÁ 400.000 EUROS AO ANO COA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES EN 94 EDIFICIOS PÚBLICOS

- O Consello da Xunta dá luz verde a un investimento de 6,05M€ para levar a cabo estas actuacións entre 2021 e 2022
- Esta iniciativa permitirá un aforro enerxético de 8000MWh/ano e reducir as emisións de CO₂ en 2300 toneladas anuais
- Para desenvolver os proxectos asinaranse sete acordos entre o Inega e distintos organismos autonómicos, catro deles -co Sergas, Axencia Turismo de Galicia, Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) e Portos de Galicia- durante este mes de xuño
- A metade dos edificios están localizados no rural galego
- Actuarase en catro hospitais, 35 centros de saúde e 39 edificios educativos
- Súmase aos 5,18M€ aprobados, nos dous últimos anos, para realizar proxectos en centros educativos, sociais, turísticos, administrativos e sanitarios

A Xunta segue apostando polo impulso das enerxías renovables nos edificios da Administración pública autonómica coa aprobación, na reunión de hoxe do Consello, de actuacións nun total de 94 edificios -a metade deles no rural galego- cun investimento de 6,05M€.

Para a realización destes proxectos, que se desenvolverán entre 2021 e 2022, está prevista a sinatura dun total de sete convenios entre o Inega e diferentes organismos públicos autonómicos. De feito, este mesmo mes de xuño asinaranse os catro primeiros convenios e o resto na primeira quincena de xullo.

Este conxunto de actuacións permitirá un aforro enerxético de 8000MWh/ano e económico de 402.700 euros anuais. Ademais, as emisións de CO₂ reduciranse en 2300 toneladas.

Este mes de xuño está prevista a sinatura de convenios entre o Inega -dependente da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación- e o Sergas, a Axencia Turismo de Galicia, a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) e Portos de Galicia. En concreto, apoiaranse proxectos de fotovoltaica para autoconsumo no CHUAC, o Hospital Materno Infantil e o Hospital Virxe da Xunqueira, da área sanitaria da Coruña; e o Hospital do Barbanza, da área sanitaria de Santiago de Compostela, así como en 35 centros de saúde de todo o territorio galego.

Ademais, realizaranse proxectos de biomasa nos albergues Arca do Pino (O Pedrouzo) e Palas de Rei; así como no edificio do CIS Madeira. Con Portos de Galicia acordarase a implantación dun proxecto de fotovoltaica en Ribeira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Durante a primeira quincena de xullo prevese asinar dous acordos coa Consellería de Cultura, Educación e Universidades para a implantación de cinco redes de calor que dean servizo a 25 edificios educativos en Ourense, Lugo, Lalín, Vigo-Coia e Santiago; así como a instalación de proxectos de fotovoltaica en 14 centros educativos. Tamén se asinará un acordo coa Consellería do Medio Rural para a implantación de enerxías renovables en 12 puntos de encontro.

Estas actuacións sumaranse ás aprobadas nos últimos dous anos por un importe total de 5,18M€ e que abranguen proxectos en catro Institutos de Educación Secundaria e no Complexo Administrativo da Xunqueira; en dúas residencias, un centro de menores e outro de atención a dependentes; en tres albergues e no Complexo Administrativo da Barcia; e en 24 centros de saúde. Iniciativas que, no seu conxunto, permiten aforros anuais de preto de 300.000 euros e enerxéticos de 7.427MWh/ano.

Os proxectos enmárcanse tanto na Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico como na Estratexia integral de impulso á biomasa con fins térmicos e permiten seguir avanzando na expansión da cultura da eficiencia enerxética e na aposta polas enerxías renovables. Actúan como modelo para o resto de sociedade, empresas, administracións e entidades co obxectivo de seguir impulsando unha Galicia máis verde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 4 M€ A UNHA NOVA CONVOCATORIA DO CHEQUE DIXITAL NA PROCURA DE PROMOVER A DIXITALIZACIÓN DE 1.000 AUTÓNOMOS E PEMES GALEGAS

- A liña ten como obxectivo prioritario a reactivación do tecido empresarial galego a través da transformación tecnolóxica e do impulso aos procesos de dixitalización, apoiando proxectos que promovan a súa adaptación á situación creada pola covid-19
- Os apoios cobren ata o 80% do custo das iniciativas ata un máximo de 12.000 euros, e coa posibilidade de obter un anticipo da metade do orzamento
- Este programa unido ás axudas e talleres de dixitalización 4.0 e ao Galicia Exporta Dixital, supón ofrecer, neste mes de xuño, máis de 17M€ para que as pemes e autónomos galegos aborden a transformación tecnolóxica

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova convocatoria de axudas do Cheque Dixital, unha iniciativa que se repite tras a boa acollida do ano pasado con motivo da pandemia da covid-19 para axudar a 1000 pemes e autónomos galegos na mellora da súa competitividade a través do fomento de distintos proxectos no eido da dixitalización.

Estes cheques teñen como obxectivo prioritario a reactivación do tecido empresarial galego a través da transformación tecnolóxica e do impulso aos procesos de dixitalización, apoiando proxectos que promovan a súa adaptación á situación creada pola pandemia sanitaria. Unha transformación que debe chegar a todo o tecido empresarial -desde as grandes ás pequenas empresas- e a todo o territorio, especialmente ao ámbito rural.

Desta volta, a liña suma un orzamento de 4 millóns de euros e cobre desde a habilitación de sistemas de control de ocupación ou de normas de calidade da covid-19, ata outro tipo de melloras como a aposta por mecanismos de cartellaría electrónica, sistemas de notificación en móbil, automatización de procesos regulados, ou a aplicación de solucións de conectividade e incorporación do teletraballo ou relativas á ciberseguridade.

Poderán aspirar a estes apoios as pequenas empresas e os autónomos do sector servizos, as entidades do tecido asociativo e empresarial galego, e as entidades da economía social que sexan pemes e non estean nos sectores da pesca/acuicultura ou produción primaria.

Os gastos realizados deberán ascender a un mínimo de 1500 euros, chegando a un máximo de 12.000 euros, e cubrindo a liña ata o 80% do custo dos proxectos, coa posibilidade de obter un anticipo da metade do orzamento. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte á publicación da convocatoria no DOG -que se producirá nas próximas semanas-, e permanecerá aberto ata o 30 de setembro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Deste xeito, o Goberno galego dá un novo paso na súa aposta pola dixitalización do tecido empresarial, que se manifesta nos diferentes programas impulsados e que teñen agora mesmo aberto o prazo, como os propios cheques, as axudas e talleres á dixitalización Industria 4.0 (7,4M€) ou o Galicia Exporta Dixital (6M€). De feito, coa apertura da convocatoria do Cheque Dixital, pemes e autónomos galegos terán neste mes de xuño a posibilidade de acollerse a estes programas de axudas que suman máis de 17M€ e teñen como obxectivo impulsar a dixitalización do tecido produtivo.

Neste sentido, e no marco do Pacto pola Dixitalización que está a promover o Goberno galego, o ano pasado mobilizáronse preto de 36 millóns de euros entre o tecido empresarial da Comunidade na procura de facer da transformación dixital unha parte moi importante da cultura empresarial galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFEREN A XUNTA INTENSIFICA AS ACTUACIÓNS PARA REFORZAR A SEGURIDADE VIARIA, A ACCESIBILIDADE E A INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO CUN INVESTIMENTO GLOBAL DE 17,5 MILLÓNS DE EUROS

- O Goberno galego prevé a execución este ano de 70 novas obras para mellorar a seguridade en cruzamentos ou treitos paralelos dos Camiños coa rede autonómica de estradas cun orzamento de 1,4 M€
- Exemplos destas obras son a nova senda na LU-530, no Camiño Primitivo, ou un paso elevado de peóns no cruzamento entre o Camiño Portugués e a AC-301 en Padrón
- A Xunta xa acometeu nos últimos anos melloras da seguridade ou da accesibilidade en treitos de vías coincidentes cos Camiños por importe de 3,52 M€
- Destacan intervencións como as do Camiño Francés, na LU-633 en Pedrafita, Triacastela ou Portomarín; ou no Portugués, na PO-225 en Alba, en Pontevedra
- O Executivo autonómico tamén está a rematar os proxectos de mellora das entradas dos Camiños en Compostela, cun investimento total de 12,6 M€
- Cómpre que o Goberno de España avance nas actuacións de mellora da seguridade e da accesibilidade das rutas xacobeas nas estradas de titularidade estatal, posto que apenas ten executado o 10% do investimento comprometido

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe sobre as actuacións de seguridade, accesibilidade e integración paisaxística nos Camiños de Santiago, que supoñen o investimento autonómico global de 17,5 millóns de euros.

A seguridade viaria en cruzamentos ou treitos paralelos dos Camiños de Santiago na rede autonómica de estradas é un dos eixos prioritarios desta liña de acción. Así, o Goberno galego prevé a execución de 70 actuacións deste tipo neste mesmo ano 2021, cun orzamento que ascende a 1,42 M€.

Entre estas intervencións cabe salientar exemplos relevantes como a senda proxectada entre os puntos quilométricos 6+810 e 8+110 da estrada LU-530. Trátase dun tramo de 1.300 metros nesta vía onde o Camiño Primitivo transcorre paralelo entre as localidades de Carballido e Manzoí, no concello de Lugo.

Outro exemplo destas actuacións é a execución dun paso elevado de peóns e o reforzo de sinalización no cruzamento entre o Camiño Portugués e a estrada AC-301, en Padrón.

A Xunta tamén ten prevista a execución dunha senda nun tramo duns 650 metros sen beirarrúas na estrada OU-112 no concello de Laza, onde o Camiño de Santiago transcorre paralelo.

Obras executadas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



O informe hoxe presentado detalla as actuacións de mellora da seguridade viaria ou da accesibilidade xa acometidas nas estradas autonómicas nos últimos anos, coa chegada dun orzamento de 3,52 M€ por parte do Goberno galego.

Cabe destacar intervencións como a efectuada no Camiño Francés na estrada LU-633 en Pedrafita, Triacastela ou Portomarín. Neste caso, realizouse unha ampliación da senda entre os puntos quilométricos 10+330 e 10+395, á saída de Hospital; entre o 27+610 e o 28+550, á saída de Triacastela; e entre 28+900 e 31+100, en Samos.

Tamén se acondicionou un antigo treito en curva da LU-633, na traza do Camiño Francés en Triacastela e xusto á saída da capital do concello, con destino a uso público.

Nesta mesma estrada tamén se acometeu unha senda desde o punto quilométrico 72+320 ao 72+580, así como a renovación das beirarrúas e o acondicionamento da ponte de Portomarín.

A Xunta tamén levou a cabo unha intervención significativa no Camiño Portugués, na PO-225 en Alba, en Pontevedra, coa mobilización dunha achega de máis de 525.000 euros. As obras consistiron na construción dunha senda peonil que reforza a seguridade neste tramo e na execución dunha pasarela sobre o río Cortes.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tamén executou outros proxectos como a mellora da seguridade na estrada AC-934, no tramo coincidente co Camiño do Norte; na OU-105, en Seixalbo; e vai actuar na AC-214 en Sigrás, ao paso do Camiño Inglés.

Entradas dos Camiños en Compostela

Ademais a Xunta tamén está a rematar as actuacións de mellora das entradas das Rutas Xacobeas en Santiago de Compostela. Trátase dos accesos do Camiño Francés (Monte do Gozo - San Lázaro e Fonte dos Concheiros- Cruce de Concheiros); do Camiño Inglés (Polígono do Tambre) e do Camiño Portugués (Conxo), cun investimento total de 12,61 M€.

No que se refire ao trazado do Camiño Inglés, na súa entrada en Compostela atravesa o polígono do Tambre polas rúas Galileo e das Mulas, na que se atopa o cemiterio de Boisaca. Ademais, como extensión do ámbito inicialmente previsto, ampliouse en ambos os extremos a actuación, na rúa das Mulas ata o tanatorio de Boisaca e na rúa Garabal, para reinstalación dos aparcadoiros executados para compensar as prazas eliminadas no paso do Camiño.



O Camiño Inglés ao seu paso polo polígono do Tambre, antes e despois da execución das obras-

No Camiño Portugués, actúase no barrio de Conxo, na praza fronte ao mosteiro de Santa María. Con esta intervención estase a despezar o ámbito para propiciar unha gran praza. Unifícase o nivel das dúas entradas principais do mosteiro, a da igrexa e a do hospital e redúcese o desnivel co cemiterio suprimindo barreiras arquitectónicas innecesarias.

Este proxecto tamén recolle a reordenación da rúa Benéfica para asegurar un paso mínimo de 3 metros para o tránsito do peregrino configurando unha senda na que se dispuxo novo arboredo. Isto implicou a reordenación das prazas de aparcadoiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



Novo aparcadoiro de Conxo

En canto ao Camiño Francés, a intervención comezou no Monte de Gozo, onde se creou unha praza fronte á capela e executouse unha senda de baixada para o peregrino que parte do adro da capela de San Marcos, atravesa a carballeira e continúa a través dunha parcela separada da calzada. O tramo final da baixada desde o Monte do Gozo resolveuse mediante unha pasarela elevada de percorrido accesible que conectou este punto da rúa do Gozo coa N-634 e o seu paso sobre a AP-9, co que se eliminaron as escaleiras.

Xa na zona do Tanguero, alargáronse os pasos do Camiño sobre a AP-9 e o ferrocarril. Repuxéronse as prazas de aparcadoiro na marxe dereita e, ademais, aproveitouse o paso do Camiño para mellorar o espazo fronte ao núcleo de casas anterior á SC-20, co que se acadou un paso máis directo dos peregrinos pola rotonda.



Nova rampla ao final da baixada do Monte do Gozo

O cruzamento dos Concheiros coa avenida de Lugo e Rodríguez de Viguri era un dos puntos críticos no paso dos peregrinos, polo que a proposta para este ámbito parte da reordenación do nó actual reducindo os movementos vehiculares, xerando maior espazo peonil e abrindo un espazo conformado nunha gran praza.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

O obxecto é xerar un espazo cun tratamento máis urbano de forma que cheguen os barrios das Fontiñas e Os Concheiros e extensible á zona histórica, ao facilitar as comunicacións peonís.

Necesidade de mellora nas estradas de titularidade estatal

O informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta tamén recolle as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria e a accesibilidade das rutas xacobeas coincidentes na traza coas estradas de titularidade estatal.

Neste sentido, na reunión da Comisión de Seguridade dos Camiños de Santiago celebrada en febreiro de 2019 o Goberno comprometeu a execución dunha serie de actuacións para a mellora da seguridade viaria dos Camiños na rede de estradas estatal. A maior parte destas actuacións, algunhas delas moi relevantes e longamente esperadas, non se teñen materializado, e considérase necesario avanzar na súa execución.

Entre as actuacións comprometidas e pendentes de executar na rede de estradas de titularidade estatal figuran actuacións no Camiño de Santiago Francés, como os pasos inferiores na N-547, no Pino e en Palas de Rei, entre outras; no Camiño Inglés: a rotonda e paso inferior peonil na N-550 en Ordes; ou no Camiño Portugués, entre as que destacan, por exemplo, a rotonda da Picaraña (N-550) ou a mellora da travesía de Padrón (N-550).

No seu conxunto, o investimento comprometido para a mellora da accesibilidade e da seguridade viaria dos Camiños de Santiago na rede de estradas estatal ascende a máis de 13 millóns de euros e apenas se ten executado o 10% do comprometido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DEDICA 4,4 MILLÓNS DE EUROS PARA AFRONTAR A COVID-19 NOS CENTROS SANITARIOS GALEGOS

- Nesta ocasión o orzamento repártese entre as áreas sanitarias de Santiago de Compostela e Barbanza; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; Ferrol e Pontevedra e O Salnés; e está destinado a adquisición de material, contratación de servizos e a realización de pequenas obras
- Este investimento xustifícanse dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2021.- O Consello da Xunta ven de autorizar hoxe a tramitación de emerxencia de catro expedientes de contratación, por valor total de 4.399.538 euros, para subministrar material fronte á covid-19 en catro áreas sanitarias. Unha parte destes orzamentos destínase á realización de determinados traballos de mantemento e outros servizos nos centros sanitarios galegos.

O maior dos importes, 1.888.723 euros, corresponde a un expediente da Área sanitaria de Santiago-Barbanza no que se recolle a adquisición de material sanitario por un valor de 909.277 euros, como 2.835.800 luvas de exame de nitrilo, 404.700 batas dun só uso e 103.000 luvas cirúrxicas, ademais de cámaras de inhalación, sondas, cánulas, equipos de infusión sensores de medición do gasto cardíaco, equipos de de circuito respiratorio, etc.

Tamén hai unha partida 371.823 euros de material de laboratorio, fundamentalmente para distintos tipos de kits para a detección da covid-19; e outra de 324.176 euros para produtos farmacéuticos. O orzamento complétase con 220.971 euros para tarefas de limpeza, e coa adquisición de vestiario, material de radioloxía fundamentalmente.

No referido ao segundo dos expedientes, o orzamento ascende a 1.349.538 euros e fica destinado á Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Entroutros, con esta cantidade mercáranse 314.000 máscaras cirúrxicas, 761.000 pares de luvas, 23.000 gorros cirúrxicos e 95.000 batas, ademais de sondas, agullas, xiringas, desinfectantes, etc. orzamento tamén recolle a adquisición de diferentes materiais de laboratorio, entre os que destacan os kits detección PCR, medios de transporte de mostras ou test rápidos de detección da covid-19. Limpeza, transporte e tarefas de reparación e conservación de instalacións e maquinaria, completan o resto do presuposto ourensán.

O terceiro dos expedientes aprobados hoxe, ten un valor total de 826.683 euros e atinxe á Área sanitaria de Ferrol. Desta cantidade, 507.618 euros destínanse a adquisición de material de laboratorio, como reactivos para realización das probas PCR, test rápidos de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

antíxenos, medios de transporte para o virus, etc. Outros 144.211 euros van para a compra de material sanitario, fundamentalmente luvas de exame, filtros antibacterianos para respiradores, máscaras e cánulas nasais, material para nebulizadores e humidificadores e desinfectantes. O resto do presuposto está dirixido ao reforzo dos servizos de limpeza, transporte, etc.

Para rematar, o último dos expedientes recolle un investimento de 328.594 euros destinados á Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Deles, 203.263 euros xon para a adquisición de material de laboratorio: kits de detección da covid e medios de transporte para o virus. Os servizos de transporte con 50.000 euros, de seguridade con 43.490 euros e as tarefas de limpeza e aseo con 31.841 euros completan o total do orzamento.

A adquisición de todo este material e da contratación de obras e servizos detalladas, xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das Áreas Sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UN PROGRAMA PARA MELLORAR AS ESTRUTURAS DE INFORMACIÓN DE TODOS OS CENTROS RESIDENCIAIS DE GALICIA

- Contará cun censo común de residentes con información actualizada e detallada para lograr unha mellor atención
- É un dos primeiros pasos na remodelación residencial e sentará a base para avanzar no novo modelo

O Consello da Xunta vén de coñecer o novo programa que se está a desenvolver para mellorar as estruturas de información de todos os centros residenciais de Galicia, a través da mellora das súas bases de datos. Trátase dun sistema que permitirá optimizar os fluxos de información, xa que contará cun censo de usuarios común cunha actualización frecuente e detallada para mellorar a atención e atallar con maior facilidade os problemas que puideren xurdir.

Este programa integrará os datos sanitarios e sociais dos seus usuarios e logrará unha mellor atención individualizada grazas á monitorización dos usuarios. O censo desenvolverase en dúas fases, unha xa en execución, que prevé a recollida de toda a información actual dos centros e dos residentes, a integración dos datos co Sistema galego de dependencia (Sigad) ou a formación dos profesionais dos centros, entre outros.

A segunda fase, na súa versión ampliada, procura novas opcións no sistema que permitirá ter importantes indicadores de calidade e seguridade para avaliar a atención residencial. Deste xeito, engadiranse novas variables ao programa como rexistros de saúde ou de incidentes ou ferramentas que simplifiquen as tarefas administrativas para, por exemplo, a xestión de nóminas.

Esta iniciativa é un dos primeiros pasos na remodelación residencial na que se está a traballar, posto que sentará unha base sólida para avanzar no novo modelo que conta con tres esteos: a coordinación sanitaria, as melloras estruturais e un papel activo das tecnoloxías.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONTARÁ CUNHA NOVA LEI DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS O VINDEIRO ANO 2022

- Así o recolle o informe da Consellería do Medio Rural que vén de analizar o Consello da Xunta, sobre a necesidade de actualizar a normativa vixente -aprobada hai 14 anos-
- Nesa liña, a finalidade é incorporar a experiencia acumulada neste tempo, o novo contexto ambiental e demográfico, así como as recomendacións materializadas no proceso participativo levado a cabo *ex profeso* coas universidades galegas e co Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais
- En resposta a un escenario de lumes cambiante, a nova lei fixa como obxectivos non só profesionalizar e formar de xeito continuo o dispositivo antiincendios das distintas administracións, senón tamén concienciar a poboación para que colabore tanto na anticipación aos lumes como na autoprotección durante a extinción

Galicia terá nova lei de prevención e defensa contra os incendios forestais o vindeiro ano 2022. Así se deduce do informe da Consellería do Medio Rural que analizou hoxe o Consello da Xunta. En concreto, na reunión semanal do Goberno galego aprobouse someter á consulta pública previa a elaboración do anteproxecto desta norma, cuxa versión actual foi aprobada hai 14 anos. Deste xeito, a través do portal web da Transparencia da Xunta recolleranse as achegas das persoas e colectivos potencialmente afectados pola futura lei, buscando enriquecer o novo texto normativo.

De cara á elaboración da futura lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, cabe sinalar a necesidade de incorporar a experiencia acumulada desde a aprobación da Lei 3/2007, do 9 de abril, vixente na actualidade. Así mesmo, procede contar co novo contexto ambiental e demográfico, así como coas recomendacións recollidas dende entón sobre a materia, como foi o caso das materializadas no proceso participativo levado a cabo *ex profeso* coas universidades galegas e co propio Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais (SPIF) de Galicia.

Nesa liña, cómpre lembrar que a Consellería do Medio Rural e a Universidade de Vigo crearon en 2020 unha unidade mixta de investigación de carácter multidisciplinar para a análise do actual sistema de prevención e extinción de incendios forestais e para a proposta de melloras profesionais, científicas, organizativas, normativas e de xestión pública dos incendios forestais. En setembro pasado, esta unidade definiu un proceso participativo para a modificación da presente lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, estruturando o proceso de consulta en catro bloques temáticos: repartición competencial, actuacións preventivas, limitacións de usos e extinción. Posteriormente, seleccionáronse unha serie de expertos de recoñecido prestixio e con coñecementos e competencias en cada un dos bloques mencionados,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

para exercer en unha función de asesoramento en canto á orientación e concreción dos contidos da futura norma.

Ao longo do proceso participaron 12 relatores -tres por bloque- pertencentes a seis institucións diferentes: Universidade de Vigo (UVigo), Universidade de Santiago de Compostela (USC), Universidade da Coruña (UDC), Universidade de Córdoba, Centro de Investigación Forestal (CIF) de Lourizán e Dirección Xeral de Defensa do Monte -dentro da Consellería do Medio Rural-. A estes hai que engadir o equipo coordinador do proceso composto por cinco persoas da UVigo, da USC e do CIF Lourizán, así como o equipo técnico para o desenvolvemento das enquisas, composto por outros dous investigadores da Universidade de Vigo.

O proceso participativo centrouse en tres grupos de interese: primeiramente os colectivos representados no Consello Forestal de Galicia, en segundo lugar as asociacións profesionais e sindicatos representativos do persoal empregado na prevención e defensa contra os incendios forestais e, en terceiro, traballadores adscritos á Dirección Xeral de Defensa do Monte, entre os que se atopaban profesionais do propio SPIF. Deste xeito, constituíuse o denominado grupo base formado por 35 persoas (13 membros do Consello Forestal, 13 de asociacións e sindicatos e nove nomeados pola Consellería do Medio Rural entre os traballadores do Servizo). O método de traballo consistía en que se presentaba unha proposta de enquisa para cada bloque temático nunha reunión dos relatores co grupo base para a súa modificación e aprobación, se for o caso. A enquisa aprobada polo grupo base era remitida a un grupo ampliado formado por 175 persoas cunha proporción entre os tres colectivos de interese similar ao grupo base.

Obxectivos da futura lei

Tras as conclusións extraídas do proceso participativo coas universidades galegas, agora é a vez da consulta pública previa á elaboración do anteproxecto da nova lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, coa que a Xunta persegue acadar distintos obxectivos. Por unha banda, búscase a adaptación do marco de planificación preventiva a unha realidade cambiante, tendo en conta que os incendios son un problema transversal que require respostas de diferentes ámbitos e -especialmente- a través da implicación de diferentes políticas públicas. Nese senso, cómpre unha axeitada xestión en zonas de interface urbano-forestal reducindo a cantidade de combustible e evitando a propagación do lume, causante de situacións de perigo para os bens non forestais ou as persoas. A lei deberá establecer tamén un marco que incentive aspectos como a silvicultura preventiva e as queimas prescritas, así como o mantemento e a rehabilitación urxente dos terreos afectados polos incendios.

Como segundo grande obxectivo, fíxase o reforzo dun sistema público e profesional de prevención e extinción de incendios forestais para xerar un marco que fomente o desenvolvemento da carreira profesional, os procesos de selección homologados, a formación continua -teórica e práctica- especializada e adaptada ás distintas escalas e categorías do Servizo e un adestramento tamén de carácter continuo. Así, debe

profundarse en novas ferramentas e métodos, nos simulacros de emerxencia ou nas posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías.

Por último, apóstase pola información, polo coñecemento e pola innovación non só en mans do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia senón tamén da sociedade en xeral. Asemade, desenvolveranse en colaboración cos centros públicos de investigación liñas de traballo que poidan resultar na mellora continua do sistema.

Cómpre sinalar que -dende a súa aprobación hai 14 anos- a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, sufriu preto de 80 cambios en sete leis diferentes, moitos deles debidos á aprobación de leis sectoriais que inciden en aspectos relacionados coa prevención. Adicionalmente, tras os lumes de outubro de 2017, o Parlamento de Galicia constituíu a Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, cuxas recomendacións tamén cómpre engadir xunto ás que foi proporcionando no tempo a Administración central. Todo isto fai precisa, polo tanto, a actualización desta norma.

En definitiva, cómpre apuntar que a nova lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ten como principal obxectivo protexer as persoas, os bens e a riqueza forestal galega. Cómpre lembrar que arredor do 98% dos montes están en mans privadas, polo que defender este recurso implica protexer o patrimonio dos galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA COMPENSARÁ ATA O 50% DAS PERDAS DE INGRESOS NAS EMPRESAS DE TRANSFORMACIÓN E DE CULTIVO DE PRODUTOS DO MAR NO 2020 POLA COVID-19

- A Xunta destinará un total de 7,5 millóns de euros a compensar aquelas empresas que entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro do ano pasado rexistrasen perdas de polo menos un 20% en relación á media de facturación nos tres anos anteriores
- As convocatorias de 2021 destas achegas sairán publicadas en vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia* logo de agardar a coñecer con exactitude o impacto da crise nas contas do exercicio 2020
- Estes apoios extraordinarios forman parte do plan Avantemar deseñado pola Xunta para impulsar o sector marítimo-pesqueiro após a pandemia e súmanse ás achegas que a Consellería do Mar convoca anualmente para investimentos nestes dous sectores

As empresas de transformación e cultivo de produtos do mar de Galicia disporán dun total de 7,5 millóns de euros para compensar a caída de ingresos entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2020 como consecuencia do coronavirus. Con estes apoios, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), a Xunta subvencionará ata o 50% das perdas de facturación rexistradas sempre e cando estas sexan de polo menos un 20% en relación cos ingresos medios para o mesmo período nos tres anos anteriores -2017, 2018 e 2019-.

No caso de empresas con menos de tres anos estas deberán ter actividade durante polo menos o ano natural 2019 completo e o cálculo realizarase tendo en conta os datos dos anos correspondentes. Así o especifica un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre as convocatorias de 2021 destas achegas que sairán publicadas en vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo especifica o informe, a contía destinada ás compensacións das empresas de transformación é de 4 millóns de euros e o límite de axuda por beneficiario será de 400.000 euros. No caso das empresas de acuicultura o importe da convocatoria é de 3,5 millóns de euros e o límite de axuda por beneficiario de 200.000 euros.

O prazo de presentación das solicitudes para ambas as convocatorias será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación das ordes no *Diario Oficial de Galicia*, nas que se poderán consultar os requisitos exixidos para cursar as solicitudes de axuda.

Plan Avantemar

Estes apoios forman parte do plan Avantemar deseñado pola Xunta para impulsar o sector marítimo-pesqueiro após a pandemia e que supón unha inxección de 77 millóns de euros en 2020 e arredor de 13 millóns neste ano no complexo mar-industria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

As convocatorias destas compensacións aos sectores da transformación e cultivo dos produtos do mar deriváronse no tempo co obxectivo de atender tanto os danos causados pola pandemia como os provocados pola saturación dos mercados. De aí que fose preciso agardar a coñecer con exactitude o impacto da crise nas contas do exercicio 2020.

Dentro do plan Avantemar tamén se xestionaron axudas a outros sectores profesionais como a frota activa e inactiva durante a covid-19, a frota de palangre de superficie, os profesionais do marisqueo que pararon temporalmente a súa actividade durante a pandemia, as organizacións de produtores, as confrarías e entidades xestoras de lonxas e as redeiras.

Os apoios extraordinarios para compensar as perdas de ingresos nas empresas de transformación e cultivo de produtos do mar no ano 2020 como consecuencia da pandemia súmanse ás achegas que a Consellería do Mar convoca anualmente para investimentos nestes dous sectores.

En concreto, a Xunta destinou 16 millóns de euros á convocatoria deste ano de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos do mar e 11,5 millóns de euros á de investimentos no eido da acuicultura.